

Problema 129: Calcula o volume de ácido clorhídrico concentrado do 36,5% e 1,19g/cm³ de densidade, necesario para preparar 100ml de disolución 1M.

1º) Primeiro calculamos a masa de soluto puro que necesitamos a partir da fórmula da molaridade

$$M = \frac{n_s}{V_D} = \frac{m_s}{M_m \cdot V_D}$$

$$M_m(\text{HCl}) = 1\text{g} + 35,5\text{g} = 36,5\text{g/mol}$$

$$m_s = M \cdot M_m \cdot V_D = 1 \frac{\text{mol}}{\text{L}} \cdot 36,5 \frac{\text{g}}{\text{mol}} \cdot 0,100\text{L} = 3,65\text{g HCl}$$

2º) A densidade pola concentración en porcentaxe é a concentración en masa entre volume

$$d \cdot C(\%m) = C(m/V)$$

$$\frac{m_D}{V_D} \cdot \frac{m_s}{m_D} = \frac{m_s}{V_D}$$

$$\frac{1,19\text{g}_D}{1\text{mL}_D} \cdot \frac{36,5\text{g}_s}{100\text{g}_D} = 0,434 \frac{\text{g}_s}{\text{mL}_D} = C(m/V)$$

3º) Coñecemos a concentración, coñecemos a masa de soluto só queda despejar o volume de disolución que necesitamos

$$C(m/V) = \frac{m_s}{V_D} \quad V_D = \frac{m_s}{C(m/V)} = \frac{3,65\text{g}}{0,434\text{g/mL}} = \underline{8,4\text{mL}}$$